




Concello da Coruña

Area / Unidade CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL JDRF	Documento AD118I00B5	
Código de verificación  5211 6103 3Y5D 4Q1T 0ITF	Expediente 108/2022/2221	
	Data 04-10-2024	

Tribunal do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de técnico/a de administración xeral (subgrupo A1), dentro do proceso extraordinario de estabilización do emprego público, C.E. 10/17.

ANUNCIO DA DATA PARA A REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Convócase as persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio para a realización do segundo, que terá lugar no día, hora e lugar que se detallan a continuación:

Día: 10.10.2024

Hora: 12.00 horas

Lugar: Centro Cívico Cidade Vella, Rúa de Veeduría, 2

Consistirá en resolver, nun tempo máximo de 120 minutos, un suposto práctico, a elixir entre dous propostos polo tribunal, relativos aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario anexo. As persoas aspirantes deberán redactar un informe-proposta en relación ao suposto práctico elixido.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polas persoas aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos.

Para a realización do segundo exercicio, de carácter práctico, as persoas aspirantes poderán facer uso de textos legais, en soporte papel, non comentados. Os membros do tribunal poderán revisar esta documentación.

As persoas aspirantes deberán acudir á proba provistas do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade, bolígrafo negro ou azul e calculadora sinxela.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etcétera) están prohibidos dentro da aula onde se realice o exercicio.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O secretario do tribunal